

Sistema de cualificación

A cualificación tomará como base os criterios de avaliación xa especificados para esta materia.

As características especiais da metodoloxía que se pretende empregar para a aprendizaxe de TIC, (véxase metodoloxía) fai recomendable unha modificación do procedemento avaliativo xeral que este Departamento mantén.

Teranse en conta os seguintes aspectos desenvolvidos no curso específico da Aula Virtual:

Busca de información de calidade reflectida en	
Foro	De 0 a 0,5 puntos
Glosario	De 0 a 1 puntos
Investigacións	De 0 a 1 puntos
Total	2,5 puntos

Organización e responsabilidade en traballos de equipo	
Comentarios ás outras entradas (glosario)	De 0 a 0,5 puntos
Coñecemento dos medios para compartir ideas e documentos e actitude de evitación de riscos.	De 0 a 0,5 puntos
Acepta e cumpre as tarefas asignadas.	De 0 a 1 punto
Capacidade de síntese e integración das achegas do equipo. (Glosario e wiki) Hábito de boas practicas na reprodución da información.	De 0 a 1 punto
Total	3 puntos

Manexo de ferramentas e programas dixitais	
Selección da ferramenta apropiada	De 0 a 0,5 puntos
Manexo básico das aplicacións	De 0 a 1,5 puntos
Capacidade creativa coas ferramentas específicas	De 0 a 0,5 puntos
Total	2,5 puntos

Coñecemento de conceptos básicos e análise crítica	
Integración dos conceptos investigados	De 0 a 1 punto
Expresión personalizada dos contidos	De 0 a 1 punto
Total	2 puntos

A cualificación obtida poderá ser modificada en +/- 1 punto en función do comportamento e actitude positiva ou negativa na aula, entendendo por esta última as condutas reiteradas que impidan a progresión da aprendizaxe do grupo, as faltas de consideración ou respecto, o mal uso dos equipos informáticos, tanto por deterioro do material como polo acceso a sitios restrinxidos segundo as normas de clase.

Igualmente, de repetirse algunha das condutas descritas no anterior parágrafo, o alumno ou alumna proseguirá temporalmente a súa aprendizaxe sen acceso ao ordenador, para o que se lle darán as fontes documentais precisas. Neste caso será precisa a realización dunha proba para a comprobación do seu aproveitamento.

Se a marcha xeral do curso así o aconsellará poderase realizar un exame para calibrar mellor a cualificación individual. O valor desta proba non superará máis do 40% da cualificación total.